

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 13 DE XULLO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Barco de Valdeorras do treito inicial da estrada OU-622, denominado Avenida do Bierzo, xunto co seu dominio público viario (DPV).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada da obra de rehabilitación do recinto fortificado de Monterrei, no marco do plan de Recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, tramitado por procedemento aberto e pluralidade de criterios, cun orzamento de licitación de catorce millóns catrocentos noventa e tres mil cincuenta e catro euros con dezasete céntimos (14.493.054,17 €) e un valor estimado de once millóns novecentos setenta e sete mil setecentos trinta euros con setenta e dous céntimos (11.977.730,72 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón da solicitude de convocatoria da Comisión bilateral de cooperación entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade, dos sistemas de información da Xunta de Galicia, susceptible de cofinanciarse nun 60 % con cargo ao Programa de Galicia Feder 2021-2027, por un orzamento de licitación, IVE incluído, de seis millóns trinta e oito mil oitocentos euros (6.038.800,00 €) e cun valor estimado de once millóns novecentos setenta e sete mil setecentos oitenta e cinco euros con doce céntimos (11.977.785,12 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado do eixe de mobilidade sostible en Santiago de Compostela, treito de acceso ao Hospital Clínico Universitario de Santiago, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de construción de dúas naves de galiñas en chan, instalación de planta de compostaxe de galiñaza e instalación fotovoltaica, no lugar de Ximonde, Palas de Rei (Lugo), promovido por Granja Campomayor, S.L.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Orde Frades Menores (OFM) da Provincia Franciscana de Santiago, para a execución das obras de conservación no convento de San Francisco de Santiago de Compostela, por un importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €), e polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos á conta.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidades e a Universidade da Coruña (UDC) para impulsar accións no Campus Industrial de Ferrol (CIF) como campus de especialización acreditado do Sistema universitario de Galicia (SUG), por un importe total de douscentos vinte e nove mil seiscientos euros (229.600,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva dos medicamentos Evolocumab e Alirocumab para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de seis millóns novecentos oitenta e catro mil seiscentos corenta euros (6.984.640,00), IVE incluído, e un valor estimado do contrato de vinte e oito millóns douscentos sete mil douscentos euros (28.207.200,00 €) sen IVE.
- Acordo polo que se dá conta dos investimentos para a transformación dos departamentos de anatomía patolóxica do Servizo Galego de Saúde, por importe de dez millóns trescentos mil euros (10.300.000,00 €).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e para establecer pagamentos anticipados do 80 % da subvención concedida, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2023 e 2024, por un importe total de seiscentos noventa mil euros (690.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2023, polo importe de catrocentos sesenta e nove mil seiscentos catro euros con corenta e un céntimos (469.604,41 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da admisibilidade da Intervención da Comunidade Autónoma de Galicia ante o Tribunal Xeral da Unión Europea en calidade de coadxuvante no asunto T-781/22 en apoio das pretensións das sociedades e da OPP de Burela contra a entrada en vigor do Regulamento de Execución (UE) 2022/1614, da Comisión Europea de 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas profundas existentes e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre o balance de situación da convocatoria de subvencións correspondente ao programa de incentivos á mobilidade eléctrica (Programa Moves III).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre as intervencións para o desenvolvemento do Plan de nova arquitectura pedagóxica no verán 2023.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe de situación do predio de Lourizán (Pontevedra).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución da Orde do 16 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A CONCESIÓN DAS MEDALLAS DE OURO DE GALICIA DESTE ANO AOS MÚSICOS JUAN PARDO, LUZ CASAL E CARLOS NÚÑEZ

- Subliña que a edición de 2023 céntrase “nun dos aspectos máis senlleiros” do patrimonio cultural galego como é a música
- Destaca que os galardoados son persoas que acadaron unha “importancia singular no panorama musical a nivel internacional” nas últimas décadas, pero “sen perder nunca a vinculación con Galicia”
- As distincións entregaranse nunha gala que se celebrará o vindeiro 24 de xullo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou o decreto polo que se conceden as Medallas de Ouro de Galicia 2023 aos músicos Juan Pardo, Luz Casal e Carlos Núñez. O titular do Goberno galego resaltou que se trata da maior distinción que outorga a comunidade autónoma galega e que, nesta edición, dedícase “a un dos aspectos máis senlleiros do patrimonio” cultural galego como é a música.

Rueda subliñou que os tres galardoados deste ano son persoas que “tiveron unha importancia singular no panorama musical a nivel internacional” durante as últimas décadas, pero “sen perder nunca a vinculación con Galicia”.

O titular do Goberno galego resaltou que Juan Pardo é “un dos emblemas da escena cultural galega e española da segunda metade do século XX”. Nado en Palma de Mallorca en 1942, aínda que criado en Ferrol, Pardo formou parte de varios dos grupos máis importantes da década dos anos 60 como Los Pekenikes, Los Brincos o Juan y Junior. Entre os seus éxitos, Rueda destacou a “inmortal *Anduriña*” ou o disco íntegramente en galego que publicou en 1976 baixo o título Galicia, miña nai de dous mares.

Outra das artistas que este ano será condecorada coa Medalla de Galicia é Luz Casal, nada en Boimorto en 1958 e autora de numerosos éxitos así como de temas para bandas sonoras de películas tan recoñecidas como *Mar adentro*, *El bosque animado* ou *Tacones Lejanos*. Ademais é a precursora do Festival de la luz que se celebra cada ano na súa vila natal e conta con outras distincións como a Medalla Castelao en 2010, un premio Goya a mellor canción orixinal, o Premio Nacional de Músicas Actuais en 2015 ou o recente nomeamento como Comendadora das Artes de Francia. “É unha das artistas máis destacadas a nivel galego, nacional e internacional desde a década de 1980”, indicou o presidente autonómico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, o Consello aprobou hoxe distinguir tamén coa Medalla de Ouro de Galicia ao gaiteiro Carlos Núñez, “un dos difusores da cultura celta e un dos embaixadores máis salientables da música galega no mundo”, resaltou Rueda. Nado en Vigo en 1971, a cultura celta está presente en todos os seus traballos musicais e mesmo no libro ‘La hermandad de los celtas’. Descuberto por The Chieftains nun concerto en Vigo, colaborou por primeira vez con eles en 1989 e desde entón compartiron escenario en múltiples ocasións. Conta con diferentes recoñecementos como a Medalla Castelao en 2010 ou un Premio Ondas e leva vendidos máis dun millón de discos en todo o mundo.

As Medallas de Ouro de Galicia son a máxima distinción que concede a comunidade autónoma. O pasado ano recibiron este recoñecemento persoas que destacaban pola súa contribución a difundir o Camiño de Santiago mentres que en 2020 e 2021 foi para os sanitarios que se encargaron de atender pacientes ou da vacinación durante a pandemia.

As distincións serán entregadas nunha gala que se celebrará o vindeiro 24 de xullo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DO TREITO INICIAL DA ESTRADA OU-622, COINCIDENTE COA AVENIDA DO BIERZO

- Transfírese o treito de algo máis de 1,2 quilómetros de lonxitude desta vía autonómica, entre a avenida Manuel Quiroga e o entroncamento coa rúa San Francisco Blanco, incluíndo as obras de paso viarias sobre o ferrocarril e sobre o río Cigüeño
- O cambio de titularidade materialízase tras completar a Xunta en 2022 as obras de reforzo da seguridade viaria e de mellora da accesibilidade nesta estrada, cun investimento autonómico de 780.000 euros
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar na avenida do Bierzo e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o cambio de titularidade a prol do Concello do Barco de Valdeorras do treito inicial da estrada OU-622, coincidente coa avenida do Bierzo.

En concreto, transfírese o treito desta vía autonómica, de algo máis de 1,2 quilómetros de lonxitude, comprendido entre a avenida Manuel Quiroga e o entroncamento coa rúa San Francisco Blanco, xunto co seu dominio público viario. O cambio de titularidade inclúe tamén as obras de paso viarias existentes sobre o ferrocarril e sobre o río Cigüeño, excluíndose a superficie dos cruzamentos a distinto nivel situada baixo elas.

Esta transferencia autorízase logo de rematar a Xunta o pasado ano as obras de mellora da seguridade viaria e da accesibilidade nesta vía autonómica, cun investimento autonómico de 780.000 euros.

A actuación desenvolveuse entre os puntos quilométricos 0 e o 0+655 da estrada autonómica, o tramo da vía cun carácter máis urbano, para reforzar a seguridade e facer máis humana a travesía e máis accesible a súa contorna.

Para conseguir este obxectivo, mellorouse a accesibilidade nas pontes situadas no inicio da estrada autonómica: do punto quilométrico 0+000 ao 0+200, para salvar a vía ferroviaria; e do quilómetro 0+275 ao 0+290, para salvar o río Cigüeño.

Incrementouse o ancho da beirarrúa na marxe esquerda para mellorar a mobilidade para o tránsito peonil dos veciños, así como a accesibilidade aos edificios localizados na zona,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que antes tiñan accesos con importantes desniveis. A partir do punto quilométrico 0+320 e ata o 0+655 ampliouse o ancho das dúas beirarrúas.

Tamén se reordenaron os usos da avenida do Bierzo no seu treito central en canto ao tráfico peonil de vehículos e zonas de estacionamento. Os últimos traballos centráronse na instalación das xuntas do paso superior sobre o ferrocarril e na colocación da sinalización horizontal.

A intervención permitiu mellorar as condicións de seguridade viaria na contorna do colexio Divina Pastora, así como nas rutas de chegada dos cativos ao colexio, distanciando o tráfico rodado da zona de tránsito.

Destaca tamén a renovación das infraestruturas de abastecemento e saneamento que discorren por ambas as marxes e que presentaban un grao de deterioración importante debido ao paso do tempo.

A actuación incluíu melloras de servizos que son de competencia municipal, como o saneamento, o abastecemento, a iluminación e a semaforización.

Co cambio de titularidade, o Concello do Barco de Valdeorras terá a competencia para actuar en toda a avenida do Bierzo e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Imaxes do antes e do despois das obras na OII-622:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZOU HOXE O CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA FORTALEZA DE MONTERREI, QUE CONTAN CUN ORZAMENTO DE 14,4 M€

- A actuación esta enmarcada no Plan Xacobeo Next Generation, no que están incluídos a posta en valor de 12 BIC do Camiño de Santiago, aos que se dedican 22,7 M€
- Nestes 12 BIC levaranse a cabo proxectos de mantemento e rehabilitación co obxecto de pór en valor estes bens de interese cultural no Camiño de Santiago e a Fortaleza de Monterrei é a que conta co máximo investimento

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza o expediente de gasto da obra de rehabilitación do recinto fortificado de Monterrei, que conta cun orzamento de licitación de 14.493.054 €.

A actuación está enmarcada no Plan Xacobeo Next Generation, en que están incluídos a posta en valor de 12 BIC do Camiño de Santiago, aos cales se dedican 22,7 millóns de euros co obxectivo de conservar os bens de interese cultural e permitir que poidan seguir sendo desfrutados polas xeracións futuras. A Fortaleza de Monterrei é a que conta co máximo investimento nestes bens de interese cultural.

Este financiamento permitirá pór en valor o patrimonio histórico ao longo dos Camiños de Santiago a través da súa rehabilitación e incluíndo melloras de sustentabilidade, accesibilidade e eficiencia enerxética, así como medidas con que impulsar a modernización ou dixitalización destes espazos.

Ademais da dotación prevista para a licitación da obra, leváronse xa a cabo unha serie de actuacións previas tales como intervencións arqueolóxicas, estudos históricos, etnográficos e topográficos, así como estudos de mobilidade e estudos documentais, que supuxeron un investimento previo de máis de medio millón de euros.

Unha vez efectuadas estas actuacións iniciais, na obra de rehabilitación de Monterrei realizaranse actuacións sobre o edificio da casa cuartel, coa recuperación integral da edificación, ademais de no contorno da praza do mercado e antigo Concello e nas construcións adxacentes, nas edificacións da porta norte que corresponden á torre da cárcere e os dous corpos de garda. Tamén se levarán a cabo melloras na entrada ao recinto, no paseo de Ronda e na construción do novo edificio de recepción de visitantes.

Neste contexto, a Xunta de Galicia ten como obxectivo conservar os bens de interese cultural e permitir que poidan seguir sendo desfrutados polas xeracións futuras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Preténdese diversificar a oferta e desenvolver recursos turísticos, centrándose de xeito especial no investimento en zonas de menor densidade de poboación. Desta forma, búscase a consolidación da poboación en zonas máis despoboadas e preténdese impulsar turisticamente esas poboacións e as súas comarcas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA ABRIR UNHA COMISIÓN BILATERAL CO ESTADO E TENTAR RESOLVER AS DÚBIDAS COMPETENCIAIS DA NOVA LEI POLO DEREITO Á VIVENDA

- Destaca que con esta iniciativa Galicia busca esgotar a vía de diálogo para aclarar e modificar aquelas disposicións que invaden o seu réxime competencial sen necesidade de ter que presentar un recurso de inconstitucionalidade
- Salienta que a solicitude está baseada en que a lei, ademais de ser confusa na súa redacción, defectuosa tecnicamente e pouco clara na atribución de certas obrigas e actuacións, non respecta as atribucións exclusivas que ten a Comunidade nesta materia
- Entre as disposicións que limitan a capacidade autonómica para deseñar políticas residenciais propias destacan o establecemento da duración e doutros requisitos do réxime xurídico das vivendas protexidas, a fixación de porcentaxes mínimas do solo de reserva para alugueiro social ou a regulación dos parques públicos de vivenda
- O titular do Goberno galego considera que hai regulacións e obrigas introducidas no texto contrarias á orde constitucional de competencias entre o Estado e as comunidades

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego impulsará os trámites necesarios para solicitar a convocatoria dunha Comisión bilateral de cooperación entre o Estado e a Comunidade autónoma co fin de “intentar resolver as dúbidas e discrepancias” competenciais xurdidas a raíz da recente aprobación da Lei polo dereito á vivenda, en vigor desde o pasado 26 de maio.

Neste sentido, e tras recibir hoxe a autorización do Consello, o titular do Goberno galego explicou que o seguinte paso será remitir de inmediato ao Executivo central unha invitación para celebrar a referida comisión, un procedemento legalmente previsto para que as administracións públicas poidan solucionar de forma negociada as súas discrepancias sobre o contido dunha determinada lei evitando recorrer á Xustiza. “Cremos que é bo dialogar antes e corrixir as eivas que advertimos”, explicou.

Deste xeito, a Xunta quere esgotar a vía do diálogo co Goberno central para buscar un acordo que permita clarificar e modificar aquelas disposicións da nova lei estatal de vivenda que poden invadir as súas competencias, sen necesidade de ter que chegar á interposición dun recurso de inconstitucionalidade.

A tramitación deste procedemento por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está fundamentada en que a norma, ademais de resultar confusa na súa redacción, presentar defectos técnicos e ser pouco clara na

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

atribución de certas obrigas e actuacións, non respecta as competencias exclusivas que ten atribuída a Comunidade galega pola Constitución e o Estatuto en materia de vivenda.

En concreto, entre as disposicións normativas que considera que limitan a capacidade da Xunta para deseñar políticas residenciais propias neste eido, cómpre citar o establecemento con carácter xeral da duración do réxime de protección pública, da descualificación e doutros requisitos relacionados coas vivendas protexidas, aínda que as financien as comunidades, ou a imposición de destinar a alugueiro un mínimo do 50% do solo reservado para vivendas en réxime de protección e de elevar ao 40% a superficie reservada a vivenda protexida en actuacións de nova urbanización, restrinxindo así tamén as facultades autonómicas en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

Ademais, con relación ás zonas de mercado residencial tensionado, Rueda explicou que a norma estatal habilita ás administracións autonómicas para a súa declaración e regulación normativa pero "establecendo uns criterios de procedemento moi estritos" que, na práctica, privan ás comunidades de marxe de manobra e de capacidade de decisión.

Outro dos aspectos controvertidos é o título III da lei, que aborda a regulación dos parques públicos de vivenda autonómicos e que a Xunta cuestiona na súa totalidade ao entender que o Estado non pode regular algo que está integramente financiado polas comunidades e que, de feito, forma parte dos seus recursos públicos.

Así mesmo, modifícanse tamén a Lei de axuízamento civil para introducir medidas orientadas a incrementar o nivel de protección das persoas que ocupan ilegalmente un inmovible e que dificultarán aínda máis o seu desaloxo rápido, por exemplo, impoñendo ao propietario cando teña a consideración de gran tenedor que acredite se o ocupante está en situación de vulnerabilidade ou, en caso de que sexa así, obrigando ás comunidades a regular un procedemento de conciliación entre ambas partes para analizar as posibles axudas existentes para atender as necesidades dos ocupantes en materia de vivenda.

En definitiva, o Goberno galego considera que hai disposicións, regulacións e obrigas na Lei polo dereito á vivenda que son contrarias á orde constitucional de competencias entre o Estado e as comunidades e invaden as atribucións autonómicas na materia. "Nesa Comisión tamén imos solicitar a concreción e información sobre as vivendas anunciadas xa que primeiro eran 1.285 e agora parece que son 187 das que só 20 están nas cidades", sinalou Rueda.

Tramitación unilateral

Desde o primeiro momento, Galicia exixiu ao Goberno central poder participar e opinar durante o proceso de elaboración dunha norma que afectaba a unha materia sobre a que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ten competencias exclusivas pero que, sen embargo, foi tramitada e aprobada unilateralmente polo Estado, sen contar coa opinión dos executivos autonómicos nin considerar as diferentes realidades territoriais.

Por ese motivo, a Xunta presentou alegacións ao anteproxecto e, máis recentemente, cando no mes de abril a lei encarou a recta final da súa tramitación e se coñeceu o texto definitivo, dirixiuse por carta á ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para solicitar unha Conferencia Sectorial urxente na que poder analizar o contido da lei e mesmo lle remitiu as principais inqedanzas e obxeccións á norma trasladadas polos membros do Observatorio da vivenda de Galicia.

Con esta invitación ao Estado para a celebración dunha Comisión bilateral de cooperación na que poder analizar a Lei polo dereito á vivenda, a Xunta fai un novo intento por abrir unha vía de diálogo e negociación entre ambas administracións sobre unha norma que regula unha materia clave e de moito peso nas políticas autonómicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORA A XESTIÓN DA CIBERSEGURIDADE DOS SEUS SISTEMAS INFORMÁTICOS DEPENDENTES DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

- O Consello aproba a contratación do servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade, cun valor estimado de 12 millóns de euros ata 2027
- O novo contrato asimila a xestión da ciberseguridade da Xunta, o soporte para a seguridade da rede corporativa, a ciberseguridade nos ámbitos tributario, económico-financiero e contable e o apoio ás funcións do delegado de protección de datos
- A Xunta reforza a capacidade de resposta durante as 24 horas, os 7 días da semana ante incidentes relevantes e a planificación dos servizos en situación de crise
- O contrato inclúe novos servizos, como a detección de ameazas avanzadas ou a protección de persoas usuarias singulares

O Consello de Goberno aprobou hoxe consolidar nun único contrato os principais servizos de ciberseguridade e seguridade da información da Xunta de Galicia, co obxectivo de acadar sinerxías que redundarán nun servizo de mellor calidade, máis eficiente e eficaz. O novo contrato xestionará a seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade na plataforma tecnolóxica relativa a infraestruturas e aplicacións corporativas dependentes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

O contrato autorizado hoxe estará vixente ata 2025 e poderá prorrogarse ata 2027. Neste caso, o importe estimado é de 12 millóns de euros.

Complementa o acordo marco de servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais. Asimila a xestión da ciberseguridade da Xunta, o soporte para a seguridade da rede corporativa, a ciberseguridade nos ámbitos tributarios, económico-financiero e contable e o apoio ás funcións do delegado de protección de datos.

O novo contrato reforzará a capacidade de resposta ante incidentes relevantes durante as 24 horas, os 7 días da semana, así como a planificación dos servizos en situación de crise. Inclúe, ademais, novos servizos como a detección de ameazas avanzadas (Threat Hunting) ou a protección de persoas usuarias singulares.

A actuación forma parte do Plan director de seguridade da Xunta de Galicia, que concentra as medidas técnicas e organizativas orientadas á prevención, detección, reacción e recuperación ante os ataques.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a Xunta conta con mecanismos de colaboración con todos os axentes implicados na ciberseguridade ao redor do nodo Ciber.gal, a primeira estrutura de colaboración público-privada nunha comunidade autónoma española. O nodo conta xa coa participación de máis de 55 entidades.

A Xunta aprobará proximamente a Estratexia galega de ciberseguridade e ten en marcha a construción do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia (Ceciga) en Ourense.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DA SENDA CARA AO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DESDE O EIXE DE MOBILIDADE SOSTIBLE O MILLADOIRO-INTERMODAL, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1 M€

- Autorízanse as expropiacións para executar un itinerario de 1.130 metros no eixe Conxo-Hospital Clínico, entre o antigo túnel da Adif e o barrio de Santa Marta, unindo numerosos puntos de interese da cidade, ao longo do eixe de mobilidade norte-sur
- Esta actuación divídese en tres subtreitos, conectando o primeiro o túnel da Adif e o río Sar; o segundo, ata o disuasorio de Santa Marta; e logo ata a avenida da Liberdade
- Froito das achegas recibidas, segregárase o itinerario nos treitos en que sexa viable, como a conexión directa en baixada desde a senda do treito O Milladoiro-estación intermodal, ou o treito comprendido entre o quilómetro 0+390 e 0+980
- Adaptarase o trazado no cruzamento sobre o río Sar, aproveitando a pontella existente, suprimindo a pasarela prevista no proxecto de trazado sometido a información pública e evitando así a implantación dun novo itinerario na zona inundable deste río
- Atendendo ás suxestións do Concello de Santiago, axustarase o trazado no treito final eliminando a franxa verde de separación entre a beirarrúa e o carril bici para reducir a ocupación nalgún dos ámbitos na contorna de Santa Marta
- A Xunta licitará as obras no verán co obxectivo de comezar os traballos no primeiro trimestre de 2024
- Esta é a terceira actuación no marco da creación do eixe de mobilidade sostible que conectará o Milladoiro, o hospital, a intermodal e o complexo de San Caetano, case 13 km de itinerarios, que suporán un investimento global da Xunta de preto de 12 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para desenvolver o treito de senda de acceso ao Hospital Clínico Universitario de Santiago desde o novo eixe de mobilidade sostible entre O Milladoiro e a estación intermodal, que suporá un investimento de máis de 1 millón de euros.

Este investimento inclúe o pagamento dos 77 predios necesarios para impulsar un itinerario de aproximadamente 1.130 metros de lonxitude, que permitirá a circulación de peóns, ciclistas non deportivos e vehículos de mobilidade persoal no eixe Conxo-Hospital Clínico; concretamente, entre o antigo túnel da Adif e o barrio de Santa Marta, comunicando numerosos puntos de interese da cidade ao longo do eixe de mobilidade norte-sur da cidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta é a terceira actuación no marco da creación do eixe de mobilidade sostible que conectará o Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), a intermodal e o complexo administrativo de San Caetano: case 13 km de itinerarios que suporán un investimento global da Xunta de preto de 12 M€. En concreto, os dous primeiros tramos deste novo eixe de mobilidade, cuxas obras están xa licitadas e en fase de contratación, correspóndense co tramo da conexión entre O Milladoiro e a estación intermodal; e o segundo treito, co itinerario desde a rúa Clara Campoamor, na estación intermodal, ata San Caetano.

De xeito xeral, a conexión que permitirá alcanzar o Hospital Clínico Universitario de Santiago, desde o novo eixe de mobilidade sostible entre O Milladoiro e a intermodal, comezará no antigo túnel d Adif e finalizará na avenida da Liberdade, no barrio de Santa Marta, nas proximidades do centro hospitalario.

Este itinerario divídise en tres subtreitos, conectando o primeiro o túnel da Adif e o río Sar; o segundo, ata o aparcadoiro disuasorio de Santa Marta; e o terceiro ata a avenida da Liberdade.

As actuacións que se realizarán ao longo do trazado incluírán as obras de pavimentación e integración paisaxística, a execución do sistema de drenaxe das augas pluviais, así como de iluminación pública e instalación de mobiliario urbano. Tamén se realizará a reposición dos servizos afectados pola execución das obras.

Tras a análise das achegas recibidas durante o trámite de información pública, vaise segregar o itinerario peonil e ciclista nos treitos en que sexa viable, como son a conexión directa en baixada desde o itinerario do treito O Milladoiro-estación intermodal e o treito comprendido entre o quilómetro 0+390 e 0+980.

Adaptarase o trazado na contorna do cruzamento sobre o río Sar, de xeito que o itinerario tanto peonil como ciclista aproveiten a pontella existente, suprimindo a pasarela prevista no proxecto de trazado sometido a información pública; evitárase así a implantación dun novo itinerario na zona inundable deste río.

Atendendo ás suxestións presentadas polo Concello de Santiago de reducir a ocupación nos ámbitos DM-2 e ZL-5 do Plan parcial do SUP-6 de Santa Marta, tamén se vai axustar o trazado no treito final eliminando a franxa verde de separación entre a beirarrúa e o carril bici.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego leva implícita tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos predios necesarios para executar estas intervencións, promovidas pola Xunta ao abeiro do Programa europeo dos fondos Next Generation, co fin de favorecer desprazamentos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

menos contaminantes nas cidades galegas e nas súas contornas, fomentando a diminución de emisións de gases á atmosfera.


A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará a execución das obras ao longo do verán co obxectivo de iniciar os traballos no primeiro trimestre de 2024. A convocatoria dos actos de levantamento de actas previas das expropiacións realizarase no cuarto trimestre do ano.

A Xunta continúa avanzando na materialización e desenvolvemento do eixe de mobilidade sostible, que está consensuado co Concello de Santiago, co obxectivo de crear na cidade un percorrido exclusivo para peóns e ciclistas de novo trazado, pendentes moderadas e sen apenas interacción co tráfico rodado.

Todas as actuacións se desenvolverán de xeito coordinado, tendo en conta que o prazo de execución do tramo de conexión entre O Milladoiro e a estación intermodal é de 18 meses; o do segundo treito, entre a intermodal e San Caetano, de 15 meses; e este terceiro treito de acceso ao Hospital Clínico Universitario de Santiago, de 14 meses.

Plano conxunto do eixe de mobilidade sostible de Santiago de Compostela:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Seccións tipo do itinerario do proxecto de trazado aprobado hoxe no Consello da Xunta:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE GRANJA CAMPOMAYOR EN PALAS DE REI

- Cun investimento de 5,3 M€, inclúe dúas naves de galiñas en chan, unha planta de tratamento de galiñaza e instalación fotovoltaica, e pretende incrementar nun 61 % a súa capacidade de produción
- O acordo do Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, ao reducir á metade os prazos de tramitación e potenciar a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade
- Con esta xa son 20 iniciativas as que se adheriron a esta figura en Galicia

O Consello da Xunta declarou hoxe como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de Granja Campomayor para ampliar as súas instalacións en Palas de Rei. Cun investimento de 5,3 millóns de euros, a empresa prevé a construción de dúas naves de galiñas en chan, unha planta de tratamento de galiñaza e unha instalación fotovoltaica.

Esta iniciativa pretende dar reposta aos retos a que se enfrontan as instalacións deste sector na actualidade e que pasan por promover sistemas máis respectuosos co ambiente e co benestar animal, así como por resolver a valorización e o tratamento da galiñaza e reducir os custos de produción mediante o autoconsumo ou o uso de enerxías limpas e alternativas.

O proxecto de Granja Campomayor permitirá incrementar nun 61% a capacidade de produción, polo que é necesario contar cunha planta de tratamento, xa que ante o alto volume que se prevé xerar non existe nestes momentos superficie agraria suficiente para a súa valorización. Suporá un impulso para seguir apostando polo rural e para fixar poboación. A empresa prevé comezar a finais de ano e rematar en 2026 todas as iniciativas planificadas.

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración: supera o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 5,3 M€) e complementa cadeas de valor ou pertence a sectores estratéxicos como é, neste caso, o agroalimentario e, en concreto, o avícola, ao ter como obxectivo o valor engadido dos ovos mediante a elaboración de derivados.

Granja Campomayor está dando mostras da súa aposta por seguir mellorando a súa competitividade. Neste sentido, ademais deste proxecto de ampliación, xa foi beneficiaria do programa InnovaPeme e este mesmo ano a súa gama de produtos Wovo foi galardoada co premio Galicia Alimentación na categoría de produto innovador.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A nova declaración aprobada no Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

Deste xeito xa son 20 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte), Naturgy Nuevas Energías (Meirama, Cerceda), Kern Pharma (Monforte de Lemos), agora Queserías Entrepinares (Vilalba) e agora Granja Campomayor (Palas de Rei).

Esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa, máis incentivos fiscais ás empresas e máis facilidades para acceder ao solo empresarial. A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRIBÚE Á RENOVACIÓN DA CUBERTA DA IGREXA DO CONVENTO DE SAN FRANCISCO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA CUNHA ACHEGA DE 350.000 EUROS

- O Consello da Xunta dá luz verde ao Convenio entre a Consellería de Cultura e a Orde de Frades Menores da Provincia Franciscana de Santiago, que supón o 40 % do custo das obras que están en marcha para a conservación do inmoble
- Substitúense a tella e as placas actuais por outras novas de fibrocemento e solúciónase o sistema de evacuación de augas pluviais para evitar filtracións

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Orde de Frades Menores da Provincia Franciscana de Santiago con que o Goberno autonómico impulsa a renovación da cuberta do convento de San Francisco en Santiago de Compostela, cun investimento de 350.000 euros.

As actuacións deste convenio son as derivadas do Proxecto de obras de conservación da cuberta da igrexa do convento de San Francisco de Santiago de Compostela, redactado pola Oficina Técnica do Consorcio de Santiago en 2020, cun investimento global de 868.325 €, dos cales a Xunta achega o 40 %, é dicir, 350.000 euros.

As actuacións, que están en marcha, solucionarán o mal estado actual da cuberta do templo, con varias tellas rotas e múltiples vías de entrada de auga de choiva no baixo cuberta. Tamén hai deficiencias no sistema de evacuación de pluviais, que en moitas zonas está obstruído. Ademais, é necesario reparar algúns danos na estrutura que a sustenta e solucionar o problema de tellas rotas ou desprazadas.

Así pois, entre os traballos retirárase a cuberta de tella e placas para incluír outras novas de fibrocemento e substituír os canlóns e baixantes actuais por outros de cobre, e tanto as cornixas como o cumio executáranse dispoñendo ventilación baixo cuberta.

A igrexa actual forma parte do conxunto do convento de San Francisco, un dos 781 bens de interese cultural (BIC) con que conta Galicia. No complexo inclúese un hotel, a capela da Orde Terceira, o seu cemiterio e as hortas, así como o museo de Terra Santa, que ocupa varias dependencias do convento e da igrexa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL CUNHA NOVA ACHEGA ECONÓMICA QUE ELEVA A 6,4 M€ O INVESTIMENTO TOTAL NO PERÍODO 2015-2024

- O Consello da Xunta aproba unha segunda addenda ao convenio para este campus, cun investimento de preto de 230.000 euros
- Garántese a continuación de accións estratéxicas centradas na investigación, a transferencia de coñecemento e a internacionalización
- O campus ferrolán, da Universidade da Coruña, foi o primeiro de España e de Galicia en acadar este selo de calidade

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dunha segunda addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade da Coruña (UDC) para impulsar accións no Campus Industrial de Ferrol como campus de especialización acreditado do Sistema universitario de Galicia (SUG).

O convenio, dotado inicialmente de 1,8M€ en 2021, ao cal se sumaron outros 1,5 M€ nunha primeira addenda en 2023, amplíase agora con preto de 230.000 euros máis, polo que o investimento do Goberno galego no desenvolvemento deste programa de especialización se elava xa a 3.555.700 € para o período 2021-2024. A esta cantidade hai que engadir os 2,85 M€ achegados no período previo á súa acreditación, polo que a contía total investida pola Xunta acada os 6,4 M€ desde que arrancou como proxecto en 2015.

A achega da anualidade do ano 2024 autorizada hoxe destinarase a reforzar as accións previstas no convenio e que están centradas nos eidos da investigación, a transferencia e a internacionalización, entre outras, deste campus, que foi o primeiro de España e de Galicia en acadar este selo de especialización.

Iniciado no ano 2015, o Campus Industrial de Ferrol ten un enfoque estratéxico ligado ao sector naval, oceánico e industrial, reestruturando a oferta docente e impulsando a creación de polos de referencia en I+D+i. Desde a súa posta en marcha e ata o 2020, o investimento da Xunta de Galicia para o desenvolvemento de accións ligadas á acreditación do Campus Industrial de Ferrol foi de 2,85 M€.

En marzo de 2021 obtivo a acreditación de especialización, o que lle permite, entre outros efectos, potenciar as súas estruturas de investigación e estreitar as relacións coas empresas da contorna, o que repercutirá no desenvolvemento da cidade. Ligado a esta acreditación, desde ese ano conta con financiamento estable a través dun convenio

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de colaboración actualizado a través de addendas anuais, como a autorizada hoxe e cuxo importe se eleva a 3,55 M€.

Este apoio está enfocado a consolidar unha maior especialización no Campus Industrial, centrándoo nos eidos naval e oceánico e no sector industrial, dos cales derivan as demais áreas de especialización do campus.

Investigación e transferencia

Na área de investigación, impúlsase a captación e retención de talento investigador, co obxectivo de contratar persoal investigador posdoutoral con proxección e ampla traxectoria internacional e predoutoral con mención internacional. Ademais, está en marcha un programa de doutoramento industrial que facilita a conexión co tecido produtivo e potenciarase a presentación de candidaturas a proxectos europeos.

No referido á transferencia de coñecemento, refórzase a unidade de relación industrial do campus e organizaranse misións tecnolóxicas directas e inversas con empresas e institucións para dar a coñecer as capacidades e posibilidades de colaboración en materia de I+D. Así mesmo, apóiase a transferencia e comercialización das patentes, rexistros software ou modelos de utilidade que se desenvolvan no campus.

Internacionalización

Coa finalidade de dar unha maior visibilidade nacional e internacional ao Campus Industrial de Ferrol, apóianse accións como o reforzo e incremento dos títulos compartidos con outras universidades, a potenciación dos títulos bilingües, a mobilidade e internacionalización da docencia mediante prácticas en empresas internacionalizadas e a colaboración con institucións universitarias estranxeiras.

Así mesmo, impúlsase a colaboración e afondarase na relación con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiros, identificando as liñas de traballo que permitan desenvolver proxectos de investigación en conxunto.

Formación e gobernanza

No que atinxe á oferta académica, dáse continuidade ao plan de formación continua en industria intelixente, con seminarios e actividades en relación cos sectores industriais estratéxicos e impulsárase a captación de estudantes no ámbito nacional.

Por outra banda, favorécese unha gobernanza profesional, participativa e conectada coa sociedade, a través da contratación de persoal técnico de coordinación, administrativo, de comunicación e difusión, de apoio ao I+D e de apoio en sistemas informáticos e de indicadores que colaboren nesta xestión

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS CONTRA O RISCO DE ENFERMIDADE CARDIOVASCULAR POR MÁIS DE 28 MILLÓNS DE EUROS

- Os medicamentos Evolocumab e Alirocumab son anticorpos monoclonais que tratan a hipercolesterolemia, un dos principais factores de risco de enfermidade cardiovascular
- Este tratamento, de forma xeral, irá asociado a exercicio físico, unha dieta baixa en graxas e á dose máxima tolerada de estatinas.

O Consello da Xunta autorizou está mañá, na súa reunión semanal, un novo expediente de contratación para a subministración sucesiva dos medicamentos Evolocumab e Alirocumab, con destino aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, e cun valor estimado de 28.207.200 euros máis IVE.

Trátase, en ambos os casos, de anticorpos monoclonais indicados para pacientes de alto risco cardiovascular asociado a elevacións importantes de colesterol. Este tratamento sempre irá acompañado de exercicio físico, dunha dieta baixa en graxas e da dose máxima tolerada de estatinas (unha das alternativas máis habituais en primeira liña de tratamento), a non ser que o paciente sexa intolerante ás estatinas ou estean contraindicadas.

Polo tanto, despois de esgotar todas as alternativas terapéuticas dispoñibles, o paciente ao cal se lle prescriba Evolocumab ou Alirocumab deberá recibir formación axeitada sobre as medidas hixiénico-dietéticas a tomar e cumprir o réxime terapéutico establecido.

Aproximadamente un 25 % dos adultos que acoden ás consultas de atención primaria ou hospitalaria presentan dislipemia (alteración nos niveis de lípidos plasmáticos). Coa contratación destes medicamentos trátase a hipercolesterolemia, que é un dos principais factores de risco de enfermidade cardiovascular, a primeira causa de morte na poboación española.

O valor estimado do contrato inclúe o primeiro ano de subministración, máis unha prórroga máxima de 36 meses, e unha modificación en prórroga ata o 20 % do importe inicial do contrato.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tendo en conta que son medicamentos exclusivos sometidos a protección de patente e sen alternativa terapéutica razoable, a adxudicación tramitarase mediante procedemento negociado sen publicidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DOS SERVIZOS DE ANATOMÍA PATOLÓXICA DO SERGAS, CUN INVESTIMENTO QUE ACADA OS 10,3 MILLÓNS DE EUROS

- O Executivo galego deu esta mañá o seu visto e praxe a contratacións valoradas en 5,7 millóns de euros, para adquirir novos escáneres de dixitalización e dispositivos de visualización, e tamén para ampliar a capacidade de almacenaxe deste servizo encargado de procesar probas tan comúns como as biopsias ou as citoloxías
- Con este novo equipamento os hospitais galegos poderán substituír o tradicional proceso de diagnóstico realizado a través do emprego de microscopios e mostras en cristais por un novo modelo de diagnose que emprega imaxes en soporte dixital e que conta con sistemas de intelixencia artificial de apoio ao diagnóstico
- A mellora da calidade e da axilidade nos diagnósticos, o acceso ás mostras desde calquera centro sanitario ou a posibilidade de reprocesar imaxes e xerar series adicionais son algunhas das vantaxes vencelladas a este novo equipamento

O Consello da Xunta autorizou esta mañá contratacións valoradas en 5,7 millóns de euros para culminar o proceso de transformación dixital dos servizos de Anatomía Patolóxica do Servizo Galego de Saúde. Así, o investimento realizado polo Goberno galego neste eido acadará os 10,3 millóns de euros ao remate do ano 2023.

Con estes novos expedientes, os departamentos de Anatomía Patolóxica das sete áreas sanitarias galegas poderán substituír os tradicionais procesos de diagnóstico, realizados a través do emprego de microscopios e da análise de mostras en cristais, por un diagnóstico baseado na visualización das mostraxes en imaxes de soporte dixital.

Entre as melloras vencelladas ao novo equipamento destacan a posibilidade de realizar diagnósticos con maior calidade e axilidade; facilitar que profesionais situados en diferentes centros poidan acceder ás mostras e á súa información diagnóstica a través das estacións de traballo en rede; optimizar a súa almacenaxe; dotarse de maior obxectividade e precisión na cuantificación por parte do patólogo; reducir os tempos de localización de mostras ou posibilitar o reprocesamento das imaxes, que pola súa vez permite xerar series adicionais, así como consolidar uns bancos de imaxes que terán grande utilidade para os ámbitos da docencia e da investigación.

A dixitalización non só supón melloras na loxística, como a eliminación da necesidade de transporte das mostras e cristais ou a garantía da rastrexabilidade integral da imaxe, senón que abre a posibilidade a importantes avances no proceso diagnóstico como a activación de sistemas de apoio ao diagnóstico baseados en intelixencia artificial con algoritmos, en cuxo desenvolvemento está a participar a sanidade pública galega,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seguinte o marcado no Plan de transformación e saúde dixital 2023-2026 da sanidade pública galega, aprobado recentemente pola Xunta de Galicia.

Para acadar este obxectivo, a Xunta destinará 4 millóns de euros á adquisición de novas unidades de dixitalización (escáneres) de campo claro de alta capacidade, e tamén á compra de novos dispositivos de campo escuro (fluorescencia). Os primeiros contarán cun procesamento diario mínimo de 1.200 preparacións (portaobxectos), mentres que os segundos disporán dunha media de capacidade de dixitalización diaria de 200 preparacións.

Así mesmo, destinará 802.000 euros á compra de 131 novas estacións de traballo dotadas con cadansúa parella de monitores (estándar e de diagnóstico) e investirá a cantidade de 900.000 euros para ampliar a capacidade de almacenaxe e a infraestrutura de servidores que leva aparelado o novo modelo de traballo.

Na actualidade, o volume diario de mostras de anatomía patolóxica que realiza o Sergas supera as 5.000 e o seu volume anual supera o 1,1 millóns de mostraxes; destacan entre elas as derivadas de biopsias ou citoloxías.

Culminación dun proceso de dixitalización

Aos 5,7 millóns de euros aprobados esta mañá deben engadirse as actuacións previas realizadas pola Xunta de Galicia ao longo dos últimos anos para dixitalizar os servizos de Anatomía Patolóxica da Rede sanitaria pública galega. Así, para afrontar con éxito a transformación dixital deste servizo, realizou investimentos por un valor de 4,6 millóns de euros.

En concreto, destinou un total de 2,4 millóns de euros ao desenvolvemento e implantación dun sistema de información corporativo de xestión dos departamentos de Anatomía Patolóxica (EOS); 1,3 millóns á dotación do equipamento necesario para a rastrexabilidade das mostras desde o mesmo momento da petición da proba; un total de 600.000 euros ao desenvolvemento dunha plataforma de diagnóstico asistido (CAD), en que a intelixencia artificial apoia os diagnósticos; e, finalmente, un investimento de 300.000 euros para dotar o Sergas dun Sistema centralizado de almacenaxe de imaxes.

Durante estes últimos anos, o proceso de xestión dixitalizada das probas de anatomía patolóxica foi probado con éxito no distrito sanitario da Mariña, facilitando o uso compartido destas imaxes entre os hospitais da Mariña e Lugo. Os resultados desta proba piloto avalan a súa extensión agora ao conxunto do Servizo Galego de Saúde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As actuacións incluídas neste expediente son susceptibles de financiamento ao 100 % pola Unión Europea no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e o programa operativo Feder Galicia 2021-2027.

Participación no proxecto Tartaglia

No ámbito do impulso da intelixencia artificial, a Consellería de Sanidade tamén está participando no proxecto Tartaglia, unha iniciativa europea dotada con 7,5 millóns de euros que procura a creación dunha rede federada de intelixencia artificial para acelerar a investigación sanitaria.

No caso do Servizo Galego de Saúde, a súa participación en Tartaglia ten por obxectivo desenvolver un algoritmo que, apoiado en imaxes de anatomía patolóxica, contribúa a mellorar os tempos de diagnóstico do cancro de próstata. Así, a adquisición destes novos dispositivos reforzará e axilizará as achegas que os investigadores galegos trasladarán ao conxunto de organizacións, entidades e institutos sanitarios que participan neste proxecto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SEGUIRÁ A DAR PULO Á ECONOMÍA SOCIAL E APOIARÁ ACCIÓNS DIVULGATIVAS IMPULSADAS POR ENTIDADES DA REDE EUSUMO, COAS CALES ESPERA CHEGAR A UNHAS 4.000 PERSOAS

- O Consello da Xunta deu visto e praxe a esta convocatoria de axudas, que eleva o seu orzamento ata os 690.000 €
- Poden optar a achegas, dun máximo de 190.000 euros, as asociacións, entidades locais, cámaras de comercio, universidades ou organizacións sindicais, empresariais ou profesionais adheridas á rede autonómica Eusumo de fomento da economía social
- A Xunta de Galicia destina este ano 42 M€ ao fomento desta fórmula de negocio, unha contía que supera en case o 21 % o orzamento do ano pasado

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade activará unha nova convocatoria de axudas dirixida ás 97 entidades de economía social que forman parte da Rede Eusumo, co obxectivo de que desenvolvan este ano e en 2024 accións de divulgación, formación e asesoramento a persoas que estean a promover a súa actividade a través desta fórmula.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta liña, que busca apoiar os colectivos que colaboran coa Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social en Galicia, impulsando o seu desenvolvemento no ámbito local.

Pódense beneficiar das achegas, cun máximo de 190.000 euros, asociacións, concellos ou agrupación deles, cámaras de comercio, universidades e/ou fundacións e asociacións profesionais, empresariais ou sindicais inseridas na rede.

Entre outras actividades, recibirán financiamento as accións de divulgación da economía social; a elaboración de estudos, informes, traballos de investigación ou manuais, guías, unidades didácticas con contido inédito e de asesoramento e acompañamento a promotores, e as iniciativas de formación.

Reservaranse 390.000 euros do orzamento global (690.000 euros) para apoiar actividades de sectores específicos, como o da economía dos coidados, agroalimentario, economía circular, enerxías renovables, aplicación de novas tecnoloxías ou relacionadas co sector industrial e das industrias culturais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na actualidade, a Rede Eusumo conta con 97 entidades adheridas. A través do asesoramento prestado por esta rede, posta en marcha en 2012, creáronse xa en Galicia 190 entidades de economía social, que xeraron máis de 540 empregos directos.

A previsión é que se poidan beneficiar das achegas hoxe referendadas polo Consello da Xunta unhas 40 entidades, que poderán realizar accións para unhas 4.000 persoas.

O Goberno galego mantén un firme compromiso coa economía social, un ámbito que representa o 7 % do PIB de Galicia. A Xunta impulsa a creación de empresas e está a pór en valor os beneficios desta fórmula, que sitúa no centro as persoas e promove a cohesión territorial e social, cun orzamento específico de máis de 42 M€ este ano, que creceu case o 21 % respecto do exercicio anterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E DEFENSA ACORDAN CONTINUAR ESTE VERÁN COA PRESENZA DISUASORIA DO EXÉRCITO NOS MONTES GALEGOS FRONTE OS INCENDIOS

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre o Ministerio de Defensa e Medio Rural para incorporar 30 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil ao dispositivo de loita contra os incendios forestais
- Por medio deste acordo procúrase reforzar a vixilancia e identificación dos incendiarios e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para reforzar a vixilancia nos montes galegos, co obxectivo de disuadir e reducir a actividade incendiaria mediante a incorporación de 30 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil do Exército.

Por medio deste acordo, que se asina todos os anos nestas datas, procúrase reforzar a vixilancia e identificación dos potenciais axentes causantes dos incendios e búscase tamén que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas.

Así, Medio Rural financiará o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e remudas da unidade das Forzas Armadas é de case 470.000 euros, unha cantidade idéntica á do pasado ano.

Pola súa banda, o Ministerio de Defensa levará a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres –neste caso un total de 30– dentro da campaña de alto risco de incendios forestais. Ademais, diversificaranse as actuacións de control do territorio con cámaras e drones.

O persoal do Exército, coñecido co nome de Operación Centinela Galego, sumarase ao dispositivo de loita contra incendios, baixo o mando único da Xunta, que na tempada de alto risco acada os 7.000 efectivos despregados nos montes galegos. Deste xeito, procúrase tamén a mellora da seguridade das persoas e dos bens e, en xeral, a protección e defensa da riqueza forestal da nosa Comunidade Autónoma fronte á ameaza dos lumes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DEFENDERÁ OS INTERESES DO SECTOR GALEGO NO PROCESO XUDICIAL CONTRA O VETO Á PESCA DE FONDO AO SER ADMITIDA COMO PARTE COADXUVANTE NO RECURSO DA FROTA DE BURELA

- O Tribunal Xeral da Unión Europea emitiu o pasado venres unha resolución que supón un paso moi importante pois poucas peticións deste tipo realizadas polas rexións prosperan e recoñece que a prohibición decretada por Bruxelas impacta nos intereses de Galicia, que poderá aportar ou rebater argumentos no proceso
- A comunidade avanza así na vía xudicial para tratar de frear unha decisión totalmente arbitraria e desproporcionada cuns importantes prexuízos para o conxunto do sector
- A intervención do Goberno galego no procedemento contribuirá a que o tribunal poida valorar as repercusións económicas desta medida e que a Comisión Europea non avaliou antes da aprobación do seu regulamento de execución
- A Administración galega segue a estratexia marcada polos xuristas especializados consultados, que desde o primeiro momento indicaron que a mellor fórmula para recorrer a decisión do Executivo comunitario era acompañando o recurso do sector

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Mar no que se dá conta da admisión de intervención do Executivo galego como parte coadxuvante no recurso presentado polos armadores de Burela (os propietarios de distintos barcos asociados á Organización de Produtores Pesqueiros de Burela – OPP7) contra o regulamento de execución aprobado pola Comisión Europea o ano pasado e que supón vetar a pesca de fondo en 87 zonas de augas comunitarias.

A resolución do Tribunal Xeral da Unión Europea (TXUE), emitida o pasado venres, supón recoñecer que a decisión adoptada por Bruxelas impacta nos intereses da comunidade autónoma. Esta decisión supón un fito importante pois poucas peticións deste tipo - presentadas por rexións europeas- prosperan e implica que a Administración galega poida participar activamente no proceso, co que poderá responder aos argumentos da parte demandada e reforzar os presentados pola parte demandante.

A Xunta, que deberá formalizar nas vindeiras semanas a súa intervención no procedemento, avanza así na vía xudicial para tratar de frear unha decisión totalmente arbitraria e desproporcionada cun importante impacto no conxunto do sector. De feito, esa prohibición de faenar en determinadas áreas afecta principalmente ao arrastre e ao palangre, que se viron obrigados a abandonar eses caladoiros nos que levaban décadas traballando e desprazarse a outros nos que xa están pescando outros buques, o que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

provoca un solapamento que pode derivar na sobreexplotación dos recursos, afectando ao estado das poboacións.

A solicitude de intervención presentada polo Executivo galego ante o Tribunal Xeral da Unión Europea -a través do despacho de avogados J&A Garrigues- advertía do grave impacto que esa decisión inustificada de Bruxelas pode supoñer a longo prazo para o conxunto da comunidade. Neste sentido, incidía en que os prexuízos podían ir desde a posible perda de frota ou empregos ata chegar a unha menor actividade nos peiraos autonómicos xerando un impacto negativo no equilibrio orzamentario da comunidade.

Por iso, a participación de Galicia no procedemento permitirá ao TXUE valorar, con información precisa e próxima aos territorios afectados, as repercusións económicas e sociais da prohibición establecida no regulamento impugnado, unha cuestión que a Comisión Europea non avaliou antes da súa aprobación.

Asesoramento

A Administración galega avanza así na estratexia marcada polos distintos xuristas especializados consultados que descartaban a opción de que a comunidade presentase un recurso en solitario, posto que tiña moi poucas posibilidades de prosperar, e que a fórmula máis oportuna era a de acompañar ao sector na súa demanda. O resultado é froito do traballo intenso dos técnicos da Consellería do Mar e do equipo contratado pola Xunta, que armou e fundamentou a solicitude con argumentos sólidos.

De feito, agora mesmo hai en marcha dous procedementos españois contra o veto á pesca de fondo no seo do Tribunal Xeral da Unión Europea, o da OPP de Burela coa Xunta como parte coadxuvante e o do Goberno central, que é un actor privilexiado por tratarse dun estado membro, polo que ten máis fácil xustificar os prexuízos ocasionados.

Galicia vai seguir traballando na defensa dos intereses da frota galega como fixo desde o primeiro momento. Nesta liña, a Xunta prestou asistencia xurídica ao sector desde que se aprobou o regulamento de execución e aportou argumentos tanto á frota como ao Executivo do Estado para fundamentar os seus recursos e que puidesen prosperar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A MOBILIDADE ELÉCTRICA CONSOLÍDASE EN GALICIA CON MÁIS DE 4300 APOIOS CONCEDIDOS PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E A IMPLANTACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA

- O Consello da Xunta avaliou, na súa reunión desta mañá, a situación do programa Moves III para o que o Goberno galego conta con 40,5 M€
- Recentemente introducíronse novidades como a ampliación das axudas a vehículos seminovos de ata doce meses de antigüidade, vehículos demo de ata 12 meses e auméntase de 50 ata 250 vehículos por ano o tope por entidade beneficiaria
- O prazo de solicitude mantense aberto ata o 31 de decembro deste ano
- Calcúlase que os apoios favorecerán a mobilización de 200 millóns de euros, un aforro enerxético anual equivalente a 2,6 millóns de litros de gasóleo e unha redución anual das emisións de CO₂ de 6.900 toneladas

O Consello da Xunta avaliou, na súa reunión desta mañá, a situación do programa Moves III, que, recentemente, introduciu novidades. Desta análise, dedúcese que a mobilidade eléctrica se está consolidando en Galicia con máis de 4.300 apoios concedidos tanto para a adquisición de vehículos eléctricos como para a implantación de puntos de recarga –en concreto, permitirán a compra de 3.300 vehículos e a instalación de 1.400 punto–. Estas axudas supoñen 19 M€ dos 40,5 que están dispoñibles.

Recentemente, o programa introduciu novidades como a ampliación das axudas tanto a vehículos seminovos como demo de ata 12 meses de antigüidade. Ademais, auméntase desde 50 ata 250 o número de vehículos tope por ano e por entidade beneficiaria.

As axudas, que se atenden por orde de solicitude, manteñen o prazo aberto ata o vindeiro 31 de decembro. Contan con dúas liñas. A primeira, para adquisición de vehículos eléctricos, híbridos enchufables, eléctricos de autonomía estendida e pila de combustible, supón entre 700 e 9.000 euros segundo o tipo de solicitante (autónomos, particulares, comunidades de propietarios, administracións ou empresas) e as características do vehículo. A segunda, para a implantación de infraestruturas de recarga, cobre entre o 30 e o 80 % do custo, tamén en función do solicitante, da potencia e mesmo da localización.

Prevese que, de esgotar o crédito dispoñible, se poidan mobilizar 200 M€, con aforros anuais de 5,2 M€, así como a redución de CO₂ equivalente a plantar 344.000 euros, e un aforro anual de 2,6 millóns de litros de gasóleo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As axudas contribuirán a seguir avanzando na descarbonización do transporte, reducir os custos enerxéticos dos propietarios de vehículos e fomentar unha rede pública e privada de puntos de recarga.

As dúas convocatorias anteriores do programa Moves xa permitiron destinar preto de 5 M€ para apoiar un total de 1000 proxectos de mobilidade eléctrica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA IMPULSA ESTE VERÁN 444 ACTUACIÓNS EN 305 CENTROS EDUCATIVOS CUN INVESTIMENTO DE 76,5 M€ NO MARCO DO PLAN DE NOVA ARQUITECTURA PEDAGÓXICA

- Resalta que o Goberno autonómico incrementa nun 19% o orzamento para estas obras, o que permitirá realizar 87 máis que o ano pasado e chegar a case “un terzo dos centros públicos”
- Explica que as actuacións “xa están en marcha” e que “a maioría” estarán rematadas antes do inicio do curso en setembro
- Trátase tanto de ampliacións e rehabilitacións como de melloras da eficiencia enerxética ou a instalación de ascensores
- Tamén se acomete a construción de dúas centrais de biomasa en Lugo e Lalín para dar servizo a varias infraestruturas e acadar uns centros máis sustentables
- Un total de 120 son grandes actuacións en marcha, 262 son pequenas reformas e melloras e 62 son instalacións de fotovoltaicas
- Ata 209 son en colexios, mentres que 118 se levan a cabo en institutos e 117 en centros integrados de formación profesional, de ensinanzas artísticas ou de adultos e conservatorios de música

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vai impulsar este verán un total de 444 obras de mellora en 305 centros educativos de Galicia, o que supón 87 actuacións máis que o pasado 2022. O titular do Goberno galego resaltou que “se incrementou un 19%” o orzamento ata chegar aos 76,5 M€, o que permitirá realizar melloras “nun terzo dos centros educativos públicos” da comunidade, resaltou.

Rueda explicou que se trata de actuacións “que xa están en marcha” e asegurou que a maioría “estarán rematadas” para o inicio do curso en setembro. Entre as actuacións previstas están ampliacións de centros, rehabilitacións integrais, melloras de eficiencia enerxética ou a instalación de ascensores”. Ademais, tamén se está a acometer a construción de dúas centrais de biomasa en Lugo e Lalín para dar servizo a varias infraestruturas e afondar nos obxectivos de acadar uns centros educativos máis respectuosos co ambiente.

Neste senso, das obras previstas, 120 son grandes actuacións que ocupan a meirande parte do orzamento, máis de 70 M€, e que chegarán a 120 centros educativos. Trátase de intervencións en marcha que, debido á súa magnitude, teñen un período de execución maior do verán e que se intensifican nestas datas para aproveitar o período non lectivo. Son os casos da rehabilitación integral dos institutos Valle-Inclán de Pontevedra e Nosa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Señora dos Ollos Grandes de Lugo, da ampliación do Colexio Agro do Muíño de Ames e dos institutos Pedras Rubias de Salceda de Caselas, Antón Losada Diéguez da Estrada e Ferro Couselo de Ourense, así como do Centro Integrado de Formación Profesional Carlos Oroza de Pontevedra.

As restantes son obras menores que suman un investimento de máis de 4,5 M€ para pequenas reformas e melloras en 226 centros educativos e a instalación de 62 fotovoltaicas. Destas actuacións, 113 lévanse a cabo na provincia da Coruña, cun investimento de 1.154.830 €; 42 en Lugo, cunha achega de 778.767 €; 64 en Ourense, con 1.209.149 €, e 43 en Pontevedra, cun orzamento de 1.470.598 €.

Por tipo de centro, case a metade das intervencións previstas son levadas a cabo en colexios. En concreto, 209 obras están previstas neste tipo de centros, mentres que 118 son en institutos. As obras restantes son en centros integrados de formación profesional, centros de ensinanzas artísticas ou de adultos e conservatorios de música.

En marcha desde 2021

Rueda subliñou que as obras “enmárcanse no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, dotado de 243 millóns de euros”. Trátase dunha folla de ruta aprobada no ano 2021 cunha inxección inicial de 191 M€ para abordar todas as intervencións que se fan nos centros educativos, co obxectivo de que estean mellor acondicionados, máis implicados coa educación dixital e as novas metodoloxías, e sexan máis sustentables e máis confortables para o profesorado e para o alumnado.

Este plan, ampliado ata os 243 M€ para facer fronte ás necesidades dos centros educativos, suma na actualidade 421 grandes obras, das cales 223 están xa executadas e 111 actuacións están actualmente en marcha ou a piques de ser licitadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 17,9 M€ Á RESTAURACIÓN DO PAZO DE LOURIZÁN E A UN PROGRAMA DE USOS E ACTIVIDADES PARA O SEU PREDIO

- O presidente destaca o “valor histórico e natural” deste complexo no que se van realizar melloras desde este ano e ata 2026
- Asegura que un dos obxectivos é “impulsar o gran atractivo turístico” desta finca mediante “a restauración do edificio histórico”, a construción dunha sala polivalente de conferencias ou abrindo a posibilidade de destinar parte da edificación “a aloxamento turístico ou restauración”
- Ademais, no predio do Pazo crearase o Campus de Lourizán, como o aglutinador dun ecosistema de estudo e análise estatística, de investigación, de formación e de divulgación forestal
- A finca ten 46,55 hectáreas e está formado pola Escola de Capataces, o Centro de Investigación Forestal, a Rede de Observación Ambiental, o Pazo e as súas construcións anexas e o Arboreto, que reúne un elenco de especies de plantas, flores, arbustos e árbores plantados desde o século XIX

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou destinar un total de 17,9 millóns de euros “á restauración” do Pazo e o predio de Lourizán, en Pontevedra así como a “deseñar o programa de usos e actividades”. Deste xeito, a Administración autonómica actuará de inmediato, tras asumir a titularidade das instalacións –algo que está previsto que se formalice proximamente– para pór en valor este patrimonio que, segundo resaltou Rueda, destaca “polo seu valor histórico e natural”.

Por unha banda, Rueda asegurou que se van levar a cabo actuacións para “impulsar o gran atractivo turístico que ten todo o complexo do Pazo”. Nesta liña, está prevista a restauración do edificio histórico e os itinerarios e instalacións que hai no xardín botánico; habilitar unha sala polivalente de conferencias nun novo edificio de madeira e ábrese a posibilidade “a dedicar parte da edificación a aloxamento turístico ou de restauración”.

Ademais, impulsarase un ecosistema de estudo e análise estatístico, investigación, formación e divulgación forestal. Será un espazo de encontro entre os axentes públicos e privados da cadea forestal galega, potenciando nas súas instalacións a transferencia do coñecemento ao ámbito empresarial, co fin de asegurar que o valor engadido derivado da cadea incida directa e positivamente na economía e no benestar da sociedade galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As actividades principais de investigación complementaríanse cun programa ampliado de divulgación e formación, regrada e non regrada. A transferencia da información e do coñecemento alcanzado reforzarase co establecemento de lazos colaborativos co sector empresarial, que terá presenza nas instalacións a través da creación de incubadoras e aceleradoras de empresas forestais.

A combinación da rehabilitación dun edificio histórico emblemático, como é o Pazo, coa posta ao día do resto de instalacións e itinerarios polo xardín botánico xerarán un importante atractivo para un turismo de carácter cultural. Neste sentido, prevese tamén a posibilidade de dedicar parte da edificación do Pazo a aloxamento e servizo de restauración.

Características e historia do Pazo

O predio de Lourizán atópase no lugar de Herba Longa, na parroquia de Santo André de Lourizán, no concello de Pontevedra. Trátase dunha superficie de 46,55 hectáreas de extensión, formada por 4 parcelas catastrais. O seu propietario máis famoso foi o político galego Eugenio Montero Ríos, que adquiriu a propiedade xunto coa súa esposa Avelina Villegas no ano 1879 e que foi quen encargou a Jenaro de la Fuente a reforma e deseño do pazo como unha residencia de verán pola que pasaron importantes personalidades da época. Nos seus salóns negociáronse cuestións políticas de máximo interese, como o Tratado de París de 1898, polo que se cederon as últimas terras coloniais que quedaban: Porto Rico, Filipinas, Cuba e Guam.

No ano 1943 o predio de Lourizán foi mercado a través de escritura pública pola Deputación de Pontevedra e sucedéronse continuados convenios de colaboración entre a propia Deputación e as diferentes consellerías competentes para a súa cesión (prazos de 30 anos), e estivo vinculado a un uso científico e formativo (capacitación agraria).

O 6 de xullo de 2022 a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia asinan un Protocolo xeral de intencións para a transmisión da titularidade do predio de Lourizán e da Escola de Cantería de Pontevedra á Comunidade Autónoma de Galicia, e está prevista a transmisión da titularidade do predio da Deputación de Pontevedra a favor da Xunta en datas próximas. Así mesmo, proximamente, tamén se procederá ao traspaso da Escola de Canteiros.

O conxunto do predio de Lourizán está formado pola Escola de Capataces-CFEA, o Centro de Investigacións Forestais-CIF, a Rede de Observación Ambiental de Galicia, o Pazo e as súas construcións anexas e, finalmente, o Arboreto, que reúne un extraordinario elenco de especies de plantas, flores, arbustos e árbores plantados no predio desde o século XIX ata a actualidade.

O Pazo de Lourizán forma parte do Catálogo do patrimonio cultural de Galicia en virtude do artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, e conta cun

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nivel de protección integral no vixente planeamento urbanístico do termo municipal de Pontevedra, ao estar recollido no Catálogo de edificacións e elementos para conservar da cidade e do medio rural de Pontevedra, aprobado o 28 de abril de 1994.

Tal e como adiantou o presidente, a previsión "é comezar as obras de rehabilitación este ano e que estean finalizadas en 2026".

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS PEMES GALEGAS DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR IMPULSAN ESTE ANO 50 PROXECTOS DE INNOVACIÓN POR IMPORTE DE 17,6 M€ PARA MELLORAR A SÚA COMPETITIVIDADE

- A Xunta apoia as beneficiarias co 50 % do importe subvencionable e concede máis de 8,8 millóns de euros en axudas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, na convocatoria de 2023
- As actuacións previstas teñen que ver coa mellora da eficiencia enerxética, a redución do impacto no ambiente, a innovación e a mellora das condicións de traballo e seguridade nas súas instalacións, entre outras cuestións
- O Executivo galego aprobou máis de 100 millóns de euros en apoios ao sector desde a primeira convocatoria de 2016, o que permitiu desenvolver 380 iniciativas e mobilizar un investimento total de máis de 200 millóns de euros

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria deste ano de axudas para investimentos en pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, en que se recolle a aprobación de 50 proxectos impulsados polo sector por un importe de máis de 8,8 millóns de euros para desenvolver ao longo do presente exercicio. Con estas achegas a Xunta aporta o 50 % do importe subvencionable de cada un deles, polo que o investimento total para acometer melloras nas instalacións destas empresas é de máis de 17,6 millóns de euros.

Entre as accións que son obxecto de apoio, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), está a optimización dos procesos de transformación, a innovación no ámbito da industria de procesamento de peixes e na transformación de moluscos, a ampliación e adquisición de equipamentos nas plantas deste sector e melloras en materia de eficiencia enerxética, entre outras.

Os beneficiarios destas subvencións son as pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura que realizan investimentos que contribúen, entre outras cuestións, a aforrar enerxía, mellorar a seguridade, optimizar os procesos de transformación e contar con novos produtos e procesos ou mellores sistemas de xestión.

O obxectivo desta liña de axudas é que o sector transformador de produtos do mar poida mellorar a súa eficiencia enerxética, reduza o seu impacto no ambiente, promova a innovación e mellore as súas condicións de traballo e seguridade, o que contribúe a incrementar a súa competitividade e a mellorar os seus resultados económicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Achegas

Este tipo de apoios contribúen a que as empresas poidan realizar investimentos importantes cos cales apostar pola innovación e mellorar a súa competitividade. De feito, desde a primeira convocatoria destas axudas ao abeiro do FEMP –en 2016– Galicia leva aprobados máis de 100 millóns de euros en achegas para o desenvolvemento de 380 proxectos de mellora das instalacións de pemes de transformación de produtos do mar. Esa contribución pública derivou nun investimento total que supera os 200 millóns de euros no conxunto das oito convocatorias realizadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

